

MEMORIA ITÍNERA 2010

**1. Estructura**

**2. Programas 2010**

- 1. PROGRAMA ÁGORA**
- 2. PROGRAMAMA HEFESTOS**
- 3. PROGRAMA HERMES**
- 4. PROGRAMA LAR**
- 5. PROGRAMA HERACLES I**

**3. Pisos Tutelados**

**1. ESTRUCTURA**

**A. Xunta directiva**

PRESIDENTA: M<sup>a</sup> Asunción Soneira Soneira

VICEPRESIDENTA: M<sup>a</sup> del Carmen López Seoane

SECRETARIO: Jaime Fráiz Vázquez

TESOUREIRO: Jaime Fraga Ares.

VOGAIS: M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Yugat

Consuelo Meijomence Zobra

**B. Voluntarios:** Número de voluntarios: 40 por curso.

Ano 2010	
Número Voluntarios	52
Número Voluntarios Universidad	24
Número Voluntarios captación directa	26
Número horas semanales de acción voluntaria	130,5
Media de horas dedicadas semanalmente	3,2 horas
Moda	3 horas

Número de horas dedicadas	Número de voluntarios
2	21
3	20
4	4
5	2
6	4
9	1
<b>TOTAL HORAS: 131</b>	<b>TOTAL VOLUNTARIOS:52</b>

**C. Usuarios**

Número de usuarios	Número de programas
14 usuarios	Participaron entre 4 -8 programas
45 usuarios	Participaron entre 2-3 programas
57 usuarios	Participaron en 1 programa
12 usuarios	Participaron menos de 3 veces en calquer programa
<b>Total Usuarios :128</b>	*Unha porcentaxe considerable dos usuarios que acuden á un só programa ven constituído por persoas ingresadas no Hospital Psiquiátrico.

**D. Persoas contratadas**

Carlos Martínez Uzal, coordinador..

Tamara Vedo Rodríguez, Traballadora Social contratada a tempo parcial

Esperanza Rodríguez Martínez, Psicóloga contratada a tempo parcial.

**E).Número de asociados (1 decembro 2010): 153**

## 2. PROGRAMAS 2010

### 1. PROGRAMA ACADEMIA ÁGORA.

O Programa “Ágora” consiste na creación dun centro de estudos para completar a formación académica e cultural dos usuarios que, pola irrupción da enfermidade, non puideron continuar os seus estudos ou, nalgún caso, non tiveron acceso a eles. Tamén se imparten obradoiros de actividades de vida diaria e de habilidades sociais. Está orientado a unha mellor capacitación para o emprego. O inmoble onde se desenvolve esta actividade está na rúa da República Argentina, 22-5ª esquerda de Santiago.

No 2010 leváronse a cabo as diferentes actividades e cursos:

**1.1- GRUPO DE APOIO Ó ESTUDIO.** Clases de apoio para conseguir principalmente o graduado escolar ou outro título académico

Horario: Martes a Venres de 11 a 13 h.

Número de Alumnos : 6

**1.2- ESCOLA DE IDIOMAS.** Impartíronse clases de inglés e francés en niveis de iniciación e medio.

Inglés Horario: Martes de 11 a 13 h.

Número de Alumnos : 14

Francés Horario: Mércores de 17 a 18.30 h.

Número de Alumnos : 5

Mantense unha aula de inglés no Hospital Psiquiátrico de Conxo con 12 participantes que se imparte os martes de 18 á 18:45

**1.3-ACTIVIDADES MUSICAIS.** Formación dun coro no Hospital Psiquiátrico e Clases de guitarra no piso academia.

Clases de guitarra:

Horario Martes de 12 a 13.00

Coro:

Horario Martes 17.30 a 18.30

**1.4- DESENVOLVEMENTO CULTURAL.** Creación de grupos de lectura e obradoiros de escritura e Iniciación ó cine.

Clube de lectura:

Horario: Venres de 11 a 12.30 h

Número de participantes: 14

Iniciación ó cine:

Horario: Xoves de 17.00 a 19.00

Número de Alumnos: 16

**1.5.- ANÁLISE CRÍTICO E DEBATE.** Os usuarios traballan semanalmente sobre un tema de actualidade, sobre o cal investigan, sendo o seu material de traballo os xornais, revistas especializadas e internet. Cada un debe estudar un aspecto diferente da noticia en cuestión, que se pon en común e se debate na clase seguinte. Require moito tempo e esforzo dos usuarios, entre semana adican un día aparte para investigar por separado e outro para por en común cós seus grupos a información acadada para levar os seus argumentos preparados para o debate do martes.

Horario: Martes de 18.30 a 20.00

Número de alumnos :21

**1.6- EQUIPO DE REDACCIÓN.** Os usuarios desenvolven as súas habilidades literarias, fotográficas e de deseño na edición dos novos números do B.O.I , a revista da Asociación que serve para promocionar tanto as actividades da asociación como os diversos talentos dos seus participantes.

Horario: Luns de 18.30 a 20.00

Número de participantes: 8

**1.7. ARTES PLÁSTICAS:** Coñecer diversas técnicas e procedimentos da plástica ó longo da historia da arte. Experimentación co debuxo técnico, modelado con barro e pintura, así como iniciación ao gravado, ao modelismo e á fotografía.

**Lugar e horario de realización:** A actividade realizase na Aula 2 do Centro sociocultural de Fontiñas, do Concello de Santiago en horario de 9.00 a 11.00, tódolos xoves.

ARTES PLÁSTICAS	
Número Usuarios	16
Número Voluntarios	2
Horas Semanales Compartidas	3

**1.8. PROGRAMA TEATRAL PARA Ó HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO**

Participan entre 10-15 pacientes, ensayan no ximnasio e “escaleiras de marmol do Hospital” os martes e xoves de 16:30 á 18:.

O día 7 xullo representarán “Atempestade” na Sala Nasa en Santiago de Compostela

Número de participantes: 14

**1.9 INFORMÁTICA**

O seu obxectivo é introducir ós alumnos no eido das novas tecnoloxías. Tódolos alumnos deste programa aprenden a utilizar correctamente un ordenador ó final do mesmo. Impártense en tres niveis: Iniciación á informática, Ofimática básica (Word e Excell) e Internet.

LUNS	MÉRCORES
11:00 a 13.00 (FONTIÑAS)	11:00 a 13:00 (AURELIO AGUIRRE)
17:00 a 17:45 18:00 a 18:45 (HOSPITAL PSIQUIÁTRICO)	17:00 a 17:45 18:00 a 18:45 (HOSPITAL PSIQUIÁTRICO)

Número Usuarios: 72

**Avaliación Programa Ágora**

-Catro usuarios retomaron os seus estudos inacabados da ESO, có fin de aprender un oficio e facer

posteriormente un ciclo de FP.

- Dous usuarios sacaron o título da ESO e actualmente outros dous comezaron a preparar con nós os exames de Bachiller.
- Dous usuarios retomaron os seus estudos na Universidade
- Tres usuarios comezaron a traballar en obradoiros de emprego do INEM.

### **2.1 PROXECTO HEFESTOS para o desenvolvemento de capacidades prelaborais .**

#### **Programa medioambiental**

##### **Descrición da actividade:**

Consiste na formación de grupos de traballo, de voluntarios. Os voluntarios son tanto os *voluntarios* en sentido estricto, como os propios afectados. É a mellor forma de integración. Os usuarios acadan o valioso rol de voluntarios e experimentan o sentimento de ser útil á comunidade.

**Lugar e horario de realización:** No antigo cemiterio Hospital Psiquiátrico de Conxo, clausurado fai anos, e nas proximidades da Casa Rectoral de Merza no concello de Vila de Cruces. Os mercores de 4:30 á 6 :30 da tarde.

MEDIOAMBIENTAL	
Número Usuarios	18
Número Voluntarios	10
Horas Semanales Compartidas	3

##### **Avaliación Programa Hefestos:**

- Tódolos traballos propostos de desbroce , reconstrucción e prantación foron realizados nas datas previstas.
- Mellora no coñecemento das técnicas de prantación e axardinamento , así como no uso de ferramentas e útis de traballo. Así como un incremento das habilidades coas ferramentas e do coñecemento do traballo.
- Percíbese gran sentimento de equipo e de actitudes de disciplina e mellora no esforzo durante o traballo cotiá.
- 3 usuarios comezaron con éxito en cursiños de xardinería e viverismo do INEM.
- O éxito do programa anima a Asociación a tentar de emprender novos pasos para a creación dunha empresa futura e autosostenible baséandose neste programa.

### **3. PROXECTO HERMES para desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre**

**3.1 Fútbol:** Mantemento dun equipo de fútbol, con adestramentos semanais independentemente do clima atmosférico . É unha actividade deportiva cunha notable exixencia física.

FÚTBOL	
Número Usuarios	20
Número Voluntarios	8
Horas Semanales Compartidas	3

#### **3.2 Programa AMIGOS**

##### **Descrición**

É un programa de creación de rede social para persoas que carecen dela como consecuencia do aillamento producido pola súa enfermidade.

Existen tres variables neste programa:

a) Os usuarios solicitantes preséntaselles individualmente un ou dous voluntarios para que fagan de mediadores sociais e conecten ós participantes con outras actividades da asociación ou fóra dela.

b) Creación de pandillas. Un ou dous voluntarios encargáanse de dinamizar un pequeno grupo de xente.

c) A través das actividades os propios usuarios crean as súas relación de amizade de maneira natura sen a necesidade da presenza dun voluntario. Estas relación exténdense máis alá das actividades e do ámbito da Asociación

### **3.3 Programa de Respiro Familiar**

Denominado tamén como Xornadas Activas de fin de semán. Os sábados e domingos un grupo de rapaces acude á Casa Rectoral de Merza no concello de Vila de Cruces nun exercicio de convivencia. Disfrutamos desta casa rectoral desde xuño 2005 en que nos foi cedida, en precario, polo Obispado de Lugo.

O último día adícase ó sendeirismo e a excursións programadas a lugares de interese histórico ou cultural así como as distintas romerías populares ou exposicións da comarca que nos axuden a coñecer mellor ós noso país.

Xornadas Merza	
Número Usuarios	60
Número Voluntarios	20
Horas quincenales Compartidas	30

**3.4 CAMPAMENTOS DE VERÁN TEMÁTICOS** Durante os meses de xullo e agosto realizáronse na Casa Rectoral de Merza catro campamentos de verán de corte temático:

-**Obradoiro de xogos tradicionais galegos**. 1-4 e do 7-11 agosto Aprendeuse tanto a xogar á chave como a construción dun papaventos e outros xogos populares

- **Contos e lendas**. Do 14-17agosto. Xogos de rol en vivo baseados na mitoloxía lexendaria da nosa tradición

Número de participantes	Usuarios	Voluntarios
<b>Obradoiro de Xogos</b>	11	4
<b>Obradoiro de Xogos</b>	11	4
<b>Obradoiro de Contos e lendas</b>	12	8

**Avaliación Programa Hermes**: Cuantificar as relacións xurdidas no eido deste programa é bastante complicado pero si se percibe unha adherencia moi forte, dos participantes ás relacións coas persoas coas que comparten actividades. Nalgúns casos esta redesocial , máis que unha rede de apoio ,ocupa un espacio central na vida do usuario.

**4. PROGRAMA LAR** .O programa de desenvolvemento da vida persoal consiste nunha serie de actividades de carácter educativo encamiñadas a procura dunha vida autónoma e independente e o aprendizaxe e desenvolvemento das habilidades sociais imprescindibles para a mesma.constitúese en tres bloques

**BLOQUE I:** Cociña. Adquirir coñecementos e habilidades para preparar diferentes comidas de forma autónoma. Á súa vez ofrecer un espazo de comedor, encontro e convivencia

**BLOQUE II:** Actividades da Vida Diaria e Habilidades Administrativas. Conseguir transmitir o maior número de habilidades que permitan a realización das actividades da vida diaria, e faciliten acadar unha maior independencia tamén adquirir coñecementos e habilidades para poder afrontar distintas situacións referidas a trámites económicos, burocráticos e/ou sociais, que poden resultar complexas

**BLOQUE III:** Habilidades Sociais e educación sexual. Coñecementos básicos de cara a un desenvolvemento social integral axeitado e dunha sexualidade segura e responsable.

Programa LAR	
Número Usuarios	21
Horas Semanales Compartidas	3

Avaliación :A información que nos ven devolta por parte dos usuarios son niveis óptimos de satisfacción e niveis crecentes de execución e adquisición de habilidades. Sen deixar de lado o compañeirismo que se xera dando lugar a un ambiente de benestar e distensión que crea un espazo de encontro onde interarctuar. E sobretodo un ambiente non institucional. Isto contribúe a diminuír o aillamento que sempre está presente nas persoas con enfermidade mental.

Pola sensación de éxito e os resultados que así nos avalan, temos previsto manter o programa sempre que sexa posible a súa financiación, xa que por pequeno que pareza, os efectos que se producen son estables e sentan a base do desenvolvemento posterior.

**5.PROGRAMA HERACLES I.** Consiste este programa, na mellora dos protocolos para o seguemento, e o apoio dos voluntarios implicados no traballo da nosa asociación, ofrecéndolles novas ferramentas para facilitar a súa labor e o tempo fácela máis eficaz.

Fase de captación de voluntarios . Este ano abrironse novas maneiras de colaboración con distintas institución e organizacións vinculadas ou non ó eido da saúde mental.

Formación de Voluntarios : Preparamos para febreiro do 2011 un novo curso de formación con tentando de implicar a varias entidades públicas como o SERGAS nestas xornadas.

Seguemento e apoio: Mellora nós dinámicas organizativas para dar un apoio cosntante os voluntarios, dándolles ó tempo máis responsabilidades na preparación e na execución dos programas

Avaliación : ó final de cada curso os voluntarios evalúan as necesidades dos seus programas é requiren novos recursos para melloralas.

#### **Avaliación do programa:**

Actualmente a nosa Asociación é a entidade do sector que máis voluntarios conta por curso. Precisamos para o desenvolvementos dos nosos programas 40 voluntarios por ano académico.

Os voluntarios colaboran activamente na preparación e na execución dos programas, levando moitos deles sen máis axuda dos profesionais que a da mera supervisión das actividade. Actualmente monitorizan o 60% dos programas da entidade.

Percíbese entre os voluntarios unha gran fidelización cara ós programas e sobre todo cara as persoas coas que traballan , establecendo vinculos con elas ata máis alá do tempo que dura a súa estancia na Asociación.

### **3. PISOS TUTELADOS**

### 3.1.PROGRAMA DE ALOXAMENTO. PISO PROTEXIDO DA C/ A ROSA

No transcurso deste ano 2010, mantivéronse ocupadas as catro prazas para homes con trastorno mental severo, que oferta un dos pisos da Asociación Itinera de Voluntarios en Saúde Mental.

As **tres prazas permanentes** sen cambios salientables, aínda que cun incidente o abandono da vivenda dun usuario, sen previo aviso por un tempo inferior a unha semana. Non supondo desestabilización na enfermidade mental do beneficiario da mesma, continuando así o seu Plan de Rehabilitación sen dificultade algunha.

Mentres que a **praza de respiro**, rotou en dúas ocasións, nos meses de xullo e novembro deste ano. O motivo descompensación da enfermidade dun usuario, tendo que ser hospitalizado noutro dispositivo máis axeitado da rede de saúde mental. O período mínimo que se establece na mesma é de tres meses, que poden renovarse por outros tres, no suposto de que a persoa teña interese e necesidade de permanencia na vivenda. E isto signifique unha mellora no usuario para poder acadar maior autonomía e independencia.

A supervisora responsable do piso tutelado ten unha dedicación media de dúas horas de luns a venres, a mediodía e antes da cea. Nalgún momento aumenta o número de horas, como por exemplo unha nova incorporación, ou ante calquera imprevisto. Está localizable para os usuarios as 24 horas.

### 3.2.PROGRAMA DE ALOXAMENTO.PISO PROTEXIDO RUA LISBOA

#### **Breve cronoloxía da posta en funcionamento do segundo piso protexido**

01/07/09 – 17/03/10 – Neste período faise todo o traballo relativo á procura de piso, reformas, entrega de documentación, inspección e equipamento do inmovible.

31/05/10 - Realización de entrevistas e reunión posterior para a resolución de adxudicación de prazas

01/07/10 - Prodúcese a firma da cláusula adicional terceira de ampliación de prazas

15/07/10 - Entrada no piso dos usuarios ocupantes da prazas de carácter permanente.

01/09/10 - Entrada no piso do usuario ocupante da praza de respiro

01/11/10 –Traslado do usuario ocupante da praza de respiro para o piso sito na rúa da Rosa, quedando de novo esta praza a disposición.

#### **Funcionamento xeral do piso**

A supervisora adica un total de entre 10 e 12 horas semanais a estar no piso e resolver as situacións cotidiáns. De procedirse algunha cuestión extraordinario esta adicación amplíase no tempo necesario.

Descrición das actividades semanais:

Os luns elabórase o menú semanal e a lista da compra. Revisanse os horarios de limpeza e cociña e organízanse en función da dispoñibilidade semanal dos usuarios.

Ó longo da semana vaise comprobando que tanto as tarefas, coma os menús e normas de convivencia se cumpran o mellor posible, e resólvese calquera inconveniente que xurda.

A comezos de cada mes os usuarios cumpren coa súa aportación económica, dándolla á supervisora que se encarga de xestionar o gasto dos cartos. Dúas veces por semana entrega certa cantidade para o bote.

Mensualmente vanse facendo revisión dos utensilios ou complementos que vaian facendo falta no piso para ir cubrindo as necesidades para mellorar as entancias.